

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP San Francisco Xabier

A Coruña

CURSO ACADÉMICO 2018-2019

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
AVALIADO E APROBADO EN SESIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO 28 DE
XUÑO DE 2019

ÍNDICE

1. Contexto legal.
2. Obxectivos de normalización lingüística no proxecto educativo.
3. Linguas a empregar nas áreas do currículo.
4. Medidas para un correcto uso lingüístico.
5. Medidas para o alumnado que non ten suficiente dominio das linguas.
6. Obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua galega.
7. Actividades: Addenda anual.
8. Avaliación

1. CONTEXTO LEGAL

A **lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística**, establece como obxectivo principal que “ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán” (art. 14.3).

O Decreto Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, polo que se regula o uso do galego no sistema educativo establece o marco para a posta en marcha dos EDLG (Artigo 15º), así como a elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro (Artigo 14º) que deberá contemplar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Ademais, **no Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, polo que se establece o currículo na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, entre os seus obxectivos establece que:

“os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan...

-Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

-Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importante á cultura e sociedade galegas”.

2. OBXECTIVOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO PROXECTO EDUCATIVO

No **PE** quedan reflectidos como **obxectivos de dinamización da lingua galega** os seguintes:

1. Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
2. Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestións administrativas.
3. Utilizar a lingua galega nas relacións internas do centro: reunións, actas, rotulación do centro, revistas e publicacións...
4. Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. LINGUAS A EMPREGAR NAS ÁREAS CURRÍCULO.

a. Educación infantil.

Na etapa de **educación infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Esta reflectirase na **addenda anual** que se deberá incorporar á **Programación Xeral Anual**.

Co fin de determinar **lingua materna predominante** do alumnado teranse en conta os seguintes parámetros:

- a) Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
- b) Realidade sociolingüística do contorno.
- c) Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

b. Educación primaria.

Nos **seis cursos (LOMCE)** se garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na

mesma porcentaxe de horas semanais, tal e como se contempla para esta etapa no **Decreto 79/2010** para o plurilingüismo:

Neste Centro ademais das materias que veñen prescritas (**Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e a Lingua Galega**), impártense en galego a **Educación Física e a Educación Musical**, cumprindo así o máximo equilibrio posible entre as dúas linguas ao longo da etapa de Educación Primaria. Impártense en lingua castelá **Relixión/Valores Sociais e Cívicos , Lingua Castelá e Plástica (Educación Artística)**. Tamén hai que engadir o **Obradoiro de Linguas** (en lingua castelá e lingua galega).

Como o noso alumnado fala maioritariamente castelán, para que adquira o mesmo nivel de competencia lingüística, o Equipo de DLG programa diversas actividades para desenvolver ao longo do curso. Ditas actividades faranse en coordinación cos Equipos de Ciclo, así como cos Equipos de Biblioteca, Actividades Extraescolares, Educación Física e Convivencia.

4. MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO.

Posto que a lingua materna da maioría do alumnado é o castelán, e por outra banda, contamos con alumnos de orixe inmigrante, existen as dificultades propias do uso da lingua galega. Para ir superando, na medida do posible estas dificultades, e fortalecendo o uso do idioma galego, propóñense as seguintes medidas:

- ✓ Manter unha boa dotación de materiais en lingua galega en diversos soportes.
- ✓ Concienciar das vantaxes do plurilingüismo, considerándoo como medio para comunicarse cun maior número de persoas, para coñecer persoas doutros países e lugares, para coñecer outras culturas e para o desenvolvemento de capacidades coma unha mellor capacidade auditiva e fonatoria, a comprensividade lectora, a creatividade..
- ✓ Facer ver que a aprendizaxe dunha lingua favorece a adquisición de competencias ou capacidades para a aprendizaxe doutras novas linguas.
- ✓ Propoñer actividades lúdicas e atractivas que favorezan a motivación do alumnado.
- ✓ Eliminar prexuízos que xeren actitudes negativas cara o noso idioma, facendo ver que é unha lingua é tan válida como outras, sendo ademais a nosa lingua, do noso pobo, da nosa cultura e dos nosos devanceiros.
- ✓ Utilizar as TICs para favorecer o uso do galego.
- ✓ Organizar actividades que fomenten a participación en actividades en prol do uso do galego e a lectura de libros na nosa lingua.

- ✓ Promocionar o uso de material audiovisual en galego.
- ✓ Solicitar da ANPA o emprego do galego como lingua vehicular, fundamentalmente nos escritos que envían ás familias.
- ✓ Solicitar do profesorado, especialmente daquel que ten que impartir a docencia en galego, que sexa coherente no uso do idioma: corredores, claustro, CCP, consello escolar...
- ✓ Así mesmo solicitar do claustro que a lingua vehicular de toda a información que sae das súas aulas sexa o galego.

5. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

Como medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais propóñense as seguintes para o alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega, o departamento de Orientación tomará as seguintes medidas:

- Entregará ou adaptará material axeitado á situación sociolingüística e escolar do alumno.
- Lerá textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica, así como a velocidade lectora en lingua galega.

No caso de que as materias que este alumnado teñan que ser recibidas en lingua galega, o departamento de orientación, coa colaboración co EDLG, adoptará medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten. **Concretaranse en:**

- ✓ Entrega de material apropiado a situación lingüística e escolar do alumnado.
- ✓ Entrega de bibliografía complementaria apropiada segundo a idade e curso, para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- ✓ O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

6. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Para lograr unha normalización e dinamización da nosa lingua cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz. De aí que o obxectivo xeral do noso equipo sexa fomentar e prestixiar a nosa lingua.

Os obxectivos que se pretenden acadar e as liñas de actuación e medidas a adoptar son as seguintes:

6.1 Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial, tanto internas ao centro como externas a el.

- ✓ *Desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes é en lingua galega.*
- ✓ *A comunicación do centro coas distintas administracións faise sempre na lingua propia.*
- ✓ *A coordinación da labor docente entre todos os membros da comunidade educativa ten como código comunicativo o galego, preferentemente.*

6.2 Aumentar progresivamente o uso do idioma galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.

- ✓ *Realizaranse todos os actos (contacontos, festivais, celebracións...), aos que ten acceso toda a comunidade escolar, na lingua galega.*
- ✓ *Toda a información trasladada ao profesorado e ás familias, oral ou escrita, farase empregando o idioma galego: notas informativas, reunións, pautas...*

6.3 Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuizos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

- ✓ *O profesorado pode transmitir mediante as reunións de titoría cos pais, conversas informais, pautas e observacións, á idoneidade do bilingüismo para calquera neno.*
- ✓ *Levar a cabo charlas-coloquio nas que se explique a natural adquisición de dúas linguas por parte do alumnado.*
- ✓ *Ter a disposición da comunidade educativa materiais sobre o bilingüismo e as súas vantaxes.*

6.4 Fomentar a adquisición da lecto-escritura en galego.

- ✓ *Adquisición do material de lecto-escritura en galego.*
- ✓ *Elaboración dos materiais das distintas unidades didácticas en galego.*

6.5 Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeralizado do galego, superando vellos prexuizos e inercias negativas.

- ✓ *Uso do idioma galego por parte do profesorado (como modelo) en distintas situacións.*
- ✓ *Visionado de películas e contos das personaxes que máis os motivan, na lingua galega.*

6.6 Deseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.

- ✓ *Participar nas campañas da Secretaría Xeral de Política Lingüística.*
- ✓ *Empregar o galego en materias transversais para facer ver a versatilidade e funcionalidade do idioma en calquera campo de traballo.*

6.7 Garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver a súa labor docente en galego.

- ✓ *Dispor da normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego.*
- ✓ *Facer unha tradución correcta do material educativo, cando sexa necesario.*
- ✓ *Contar co material actualizado na medida en que permita o presuposto*
- ✓ *Instalar software en galego (Openoffice en galego, corrector ortográfico, acceso a ferramentas para traducir ao galego,...)*

6.8 Achegar a lingua ás familias dos alumnos coidando a forma e o contido.

- ✓ *Os nenos e nenas levan contos da biblioteca da aula e do centro en galego.*
- ✓ *Coidar especialmente a información exposta á lectura dos pais e nais: rotulación, notas informativas...*
- ✓ *Elaborar o xornal escolar.*

6.9 Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular no ensino.

- ✓ *Incorporar o galego progresivamente ao longo do curso.*
- ✓ *Contar con actividades diarias permanentes en galego.*
- ✓ *Para traballar a memoria auditiva verbal, empregar cantigas galegas, trabalinguas, recitados, refráns, contos,...*

6.10 Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte, e folclore galegos.

- ✓ *Cada unidade integrárase na realidade da zona con visitas que permitan coñecer o noso contorno, historia, etnografía,...*
- ✓ *A cultura e literatura galega estará presente na hora do conto(e.i.), na media hora diaria de lectura (e.p.), na que se presentan contos en galego, contos de autores galegos ou adaptacións de obras galegas coñecidas.*
- ✓ *Procurar que os contacontos e ilustradores que veñan ao centro empreguen a lingua galega...*
- ✓ *Coñecemento do contorno.*

6.11 Celebrar as festas e costumes tradicionais galegas: Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, festa dos xogos,...

- ✓ *Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais, cun obxectivo lúdico e educativo.*
- ✓ *Transmitir o característico de cada festividade.*
- ✓ *Fomentar o aprezo á tradición e á necesidade de conservala en toda a comunidade educativa facéndoos partícipes tanto da celebración como da súa preparación.*

7. ACTIVIDADES: ADDENDA ANUAL

O **Equipo de dinamización lingüística** elaborará cada curso unha addenda para incorporar á **Programación Xeral Anual** na que se vaian concretando os obxectivos recollidos no presente documento. Esta addenda deberá recoller tamén:

- ✓ A lingua predominante en educación infantil atendendo ao disposto no apartado 3.a deste Proxecto.
- ✓ Información sobre os cambios aprobados polo centro, e autorizados pola consellería, cando haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).
- ✓ Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

8. AVALIACIÓN

Ao remate de cada curso elaborárase unha memoria que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos que será preciso modificar (reiterar, concretar, ampliar,...) de cara o futuro. Esta memoria elaborada polo EDLG achegarase á **Memoria anual do centro.**

Como **indicadores de calidade** e polo tanto, como criterios de avaliación vamos a considerar os seguintes:

- Adecuación do proxecto lingüístico de centro ás necesidades reais dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos previstos á vista dos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Grado de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Grado de implicación dos responsables no seu desenrolo.

ANEXOS

- 1.- Enquisa ás familias alumnado de tres anos.
- 2.- Enquisa de normalización galega.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa

C. E. I. P. "SAN FRANCISCO XABIER"
Ronda de Outeiro, 72 - Telef. - Fax 981-290.635
15009 A CORUÑA

ANEXO

PREGUNTA ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona..... como nai/pai ou
titor/a legal do alumno/a matriculado no
curso de Educación Infantil, fai constar:

Lingua materna do meu fillo ou filla:

- Galego
 Castelán

Outra

Asinado:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento: Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Xecretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.

ENQUISA PARA AS NAIS E PAIS DO ALUMNADO DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA / EQUIPO DE INFANTIL/ EQUIPO DIRECTIVO Data

de nacemento do/a neno/a:

Lugar de residencia:

1. Que lingua fala habitualmente o/a neno/a?

- 1. Só galego
- 2. Predomina o galego
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Predomina o castelán
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

2. En que lingua lle falou a nai desde que naceu?

- 1. Só galego
- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

3. En que lingua lle falou o pai desde que naceu?

- 1. Só galego
- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

4. Que lingua falan habitualmente entre si o pai e a nai (ou titor e titora)?

- 1. Só galego
- 2. Predominantemente galego
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Predominantemente castelán
- 5. Un galego e outro castelán
- 6. Só castelán
- 7. Outra(s). Indíquese:.....

5. Se ten irmáns, en que lingua falan co/a neno/a?:

- 1. Só galego

- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

6. Que lingua lle falan ao/á voso/a fillo/a o avó e a avoa maternos?

- 1. Só galego
- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

7. Que lingua lle falan ao/á voso/a fillo/a o avó e a avoa paternos?

- 1. Só galego
- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

8. No caso de ter unha persoa coidadora na casa, en que lingua lle fala?

- 1. Só galego
- 2. Máis galego ca castelán
- 3. Galego e castelán por igual
- 4. Máis castelán ca galego
- 5. Só castelán
- 6. Outra(s). Indíquese:.....

9. No caso de que o/a neno/a asistise a unha escola infantil/gardería, condicionou este feito algunha mudanza con respecto á lingua que falaba na casa?

- 1. Ningún
- 2. Comezou a falar máis castelán
- 3. Comezou a falar máis galego
- 4. Mudou de galego a castelán
- 5. Mudou de castelán a galego

10. Algún dos proxenitores comezou falándolle unha lingua ao seu fillo/a e máis adiante

(cando este rompeu a falar, cando comezou a ir á escola infantil...) pasou a falarlle outra?

- 1. Si, os dous
- 2. Si, a nai
- 3. Si, o pai
- 4. Non

11. No caso de que a resposta anterior sexa afirmativa, como se produciu o cambio?

- 1. De castelán para galego
- 2. De galego para castelán

3. De galego para outra lingua

 4. De castelán para outra lingua

 5. Doutra lingua para galego

 6. De outra lingua para castelán

12. Podería indicar as razóns dese cambio?

13. Cale é a lingua predominante dos contos que lle le ao/á seu/súa fillo/a ?

 1. Galego

 3. Inglés

 2. Castelán

 4. Outra(s). Especifíquese:

14. En que lingua (ou linguas) ve o/a neno/a maioritariamente os debuxos animados? (pode indicar máis de unha marcando a orde)

 1. Galego

 3. Inglés

 2. Castelán

 4. Outra(s). Especifíquese:

15. Cal é a lingua (ou linguas) da maioría dos xogos multimedia que emprega o/a neno/a? (pode indicar máis de unha marcando a orde)

 1. Galego

 3. Inglés

 2. Castelán

 4. Outra(s). Especifíquese:

16. Valore os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente de acordo

4. Bastante en desacordo

2. Bastante de acordo

5. Completamente en desacordo

3. Indiferente

Nº	ENUNCIADO	VALORACIÓN				
		1	2	3	4	5
1	A adquisición de dúas (ou máis) linguas en idades temperás é moi positiva.	1	2	3	4	5
2	Aprender galego e castelán ao mesmo tempo crea confusión nos nenos/as.	1	2	3	4	5
3	O inglés debería ter máis presenza na escola xa desde a educación infantil	1	2	3	4	5
4	O Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a castelanfalante aprendese a falar galego.	1	2	3	4	5
5	Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a galegofalante aprendese a falar castelán.	1	2	3	4	5
6	É mellor que a aproximación á lectoescritura que se fai en infantil sexa só nunha lingua: ou galego ou castelán.	1	2	3	4	5
7	As matemáticas pódense aprender en galego.	1	2	3	4	5
8	Os nenos/as galegofalantes deben comezar a ler na súa lingua para poder reforzala, xa que ten moi pouca presenza noutros ámbitos.	1	2	3	4	5
9	Os nenos/as castelanfalantes deben comezar a ler en galego para poder aprender esta lingua ausente no seu contorno.	1	2	3	4	5
10	Aprender galego é unha perda de tempo para o alumnado	1	2	3	4	5

LINGUA DA CONTORNA FAMILIAR

1. Cal é a lingua habitual da nai?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> 1. Só galego | <input type="checkbox"/> 4. Predomina o castelán |
| <input type="checkbox"/> 2. Predomina o galego | <input type="checkbox"/> 5. Só castelán |
| <input type="checkbox"/> 3. Galego e castelán por igual | <input type="checkbox"/> 6. Outra(s)..... |

2. Cal é a lingua habitual do pai?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> 1. Só galego | <input type="checkbox"/> 4. Predomina o castelán |
| <input type="checkbox"/> 2. Predomina o galego | <input type="checkbox"/> 5. Só castelán |
| <input type="checkbox"/> 3. Galego e castelán por igual | <input type="checkbox"/> 6. Outra(s)..... |

3. Cal é a lingua habitual dos avós maternos?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> 1. Só galego | <input type="checkbox"/> 4. Predomina o castelán |
| <input type="checkbox"/> 2. Predomina o galego | <input type="checkbox"/> 5. Só castelán |
| <input type="checkbox"/> 3. Galego e castelán por igual | <input type="checkbox"/> 6. Outra(s)..... |

4. Cal é a lingua habitual dos avós paternos?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> 1. Só galego | <input type="checkbox"/> 4. Predomina o castelán |
| <input type="checkbox"/> 2. Predomina o galego | <input type="checkbox"/> 5. Só castelán |
| <input type="checkbox"/> 3. Galego e castelán por igual | <input type="checkbox"/> 6. Outra(s)..... |

5. Cal é a lingua habitual dos/as compañeiros/as de xogos (no parque, nas casas familiares...)

1. Só galego
2. Maioritariamente o galego
3. Galego e castelán por igual
4. Maioritariamente o castelán
5. Só castelán
6. Outra(s). Especifíquese.....

6. Perciben que hai adultos galegofalantes (familiares, veciños/as...) que mudan ao castelán para falarlle ao/á seu/súa fillo/a, independentemente da lingua que este fale?

- Si Non

7. Cal é a lingua da maioría dos libros que teñen na casa?

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> 1. Galego | <input type="checkbox"/> 4. Predomina o castelán |
| <input type="checkbox"/> 2. Predomina o galego | <input type="checkbox"/> 5. Castelán |
| <input type="checkbox"/> 3. Galego e castelán por igual | <input type="checkbox"/> 6. Outra(s). Indíquese:..... |

Os resultados desta enquisa achegan información necesaria tanto para a elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro, que pide o D.79/2010, como para o desenvolvemento da programación didáctica do Equipo de educación infantil do centro. Moitas grazas pola súa colaboración.